

## **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE.**

### **AXUDAS Á CONTRATACIÓN E Á FORMACIÓN NA EMPRESA ORDINARIA.**

Orde do 14 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Plan Galicia emprega de incentivos á contratación e á formación na empresa ordinaria, e se realiza súa convocatoria para o ano 2021,

**programa I: Incentivos á contratación por conta allea e á formación (código de procedemento TR342C).**

#### **Entidades beneficiarias**

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos neste programa as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

#### **Obxecto**

Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras polas cales se rexerán os incentivos á contratación por conta allea e á formación de persoas desempregadas na empresa ordinaria e especialmente daquelas que teñen maiores dificultades de inserción laboral establecidas pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Inclúe catro tipos de axudas compatibles:

1. Incentivos á contratación indefinida inicial, por medio do cal se proporcionará unha subvención para a contratación indefinida inicial de persoas mozas, mulleres, persoas desempregadas de longa duración e persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
2. Incentivos á contratación temporal, por medio do cal se proporcionará unha subvención para a contratación temporal de persoas mozas, mulleres, persoas desempregadas de longa duración e persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
3. Incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos só no caso das persoas mozas, mulleres e as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

**4. Incentivos á formación (opcional) dirixido ás persoas contratadas mediante contratación indefinida inicial e temporal por medio deste programa, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.**

#### **Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas neste programa comezará o día seguinte ao da súa publicación e rematará o 30 de setembro de 2021.

#### **Mais información :**

DOG 26 de xullo de 2021

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210726/AnuncioG0599-150721-0002\\_gl.pdf.](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210726/AnuncioG0599-150721-0002_gl.pdf)

#### **Programa II: Emprego con apoio (código de procedemento TR342A).**

#### **Entidades beneficiarias**

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos neste programa as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde

#### **Entidades beneficiarias**

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos neste programa as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acuerdo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde

#### **Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte ao da publicación desta orde e rematará o 30 de setembro de 202

#### **Mais información:**

DOG 21 de xullo2021

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210726/AnuncioG0599-150721-0003\\_gl.pdf.](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210726/AnuncioG0599-150721-0003_gl.pdf)